

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán ten entre os seus obxectivos o de promover a creación de textos literarios en idioma galego entre o alumnado do centro. Para acadar este obxectivo convócase o «X Concurso de Narracións Breves» no que poderá participar todo o alumnado do noso centro escolar de calquera dos seus niveis educativos, desde infantil a primaria.

BASES

1.- Os textos estarán escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara e poderán ser presentados a man ou mecanografados.

2.- A autoría destes textos terá que ser compartida entre un alumno ou alumna do centro e outra persoa adulta do seu ámbito familiar, figurando ambos os seus nomes xunto ao texto presentado.

O texto pode vir acompañado dunha ilustración, na mesma folla ou en folla á parte, realizada polo alumno ou alumna e utilizando calquera tipo de técnica e material (ceras, témperas, acuarelas, rotuladores...)

3.- A temática das narracións será libre.

4.- O prazo de presentación de narracións remata o venres, 23 de marzo de 2018.

Os orixinais serán depositados na caixa de correos amarela situada no recibidor do colexio.

5.- Haberá catro primeiros premios, un por categoría:

INFANTIL: Lote de libros.

1º e 2º PRIMARIA: Lote de libros.

3º e 4º PRIMARIA: Lote de libros.

5º e 6º PRIMARIA: Lote de libros.

Todo o alumnado participante recibirá un agasallo e un diploma acreditativo.

6.- Os traballos deberán ser orixinais e quedarán en poder do CEIP de Galán para a súa publicación no número 36 da revista escolar **As Nosas Cousas**.

7.- O xurado estará composto polos compoñentes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Galán, que dará a coñecer o seu fallo coincidindo cos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, o 17 de maio.



MARÍA VICTORIA MORENO

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

SARAIBA

AROA PONTÓN VÁZQUEZ, 4º A
SANDRA PONTÓN OTERO


IX CONCURSO DE NARRACIÓNS BREVES, 2017

Enriba das nubes
hai unha orquestra
composta por gaitas
tambores e pedras.

Pedras?. Si, pedras.
Xuntiñas e quietas
nunhas maracas metidas,
pedriñas pequenas.

O día tornouse
gris, **negro**.
As nubes chegaron.
Hai **festa** no ceo!

Son tambores, **gaitas**,
trona, **lostrega**.
As maracas romperon!
Corre a casa!
Que **SARAIBA**, meu neno.



DÍA das LETRAS GALEGAS

X CONCURSO NARRACIÓNS BREVES



HUGO CONDE, 4º A

**DATA LÍMITE
ENTREGA DE ORIXINAIS
23 DE MARZO DE 2018**



**EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA**

CEIP de GALÁN OSEIRO-ARTEIXO



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA